ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0025	Elaboracións de panadaría e bolaría	2024/2025	10	317	317
MP0025_13	Posta a punto de equipamentos e instalacións	2024/2025	10	27	27
MP0025_23	Procedementos de elaboración de masas fermentables e obtención de pezas	2024/2025	10	174	174
MP0025_33	Procedementos de elaboración de recheos, e a súa aplicación e produtos finais	2024/2025	10	116	116

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA VICTORIA ARRIBI BARCIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase para o módulo de "Elaboracións de panadaría e bolaría" pertencente ao primeiro curso de "Técnico en panadaría, repostaría e confeitaría". Para a realización da mesma resulta necesario tomar como referencia o currículo que se establece a partir do DECRETO 38/2010, do 18 de marzo, polo que se modifican os decretos 216/2008, 218/2008, 222/2008 e 224/2008.

A competencia xeral deste título consiste en elaborar e presentar produtos de panadaría, repostaría e confeitaría, conducindo as operacións de produción, composición e decoración, en obradoiros e establecementos de restauración, con aplicación da lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Ademais o módulo de E.P.B. está asociado as unidades de competencia "UC0034_2: Realizar e/ou dirixir as operacións de elaboracións de masas de panadaría e bolaría "; "UC0035_2: Confeccionar e/ou conducir as elaboracións complementarias , a composición, a decoración e o envasado dos produtos de panadaría e bolaría"; "UC0036_2: Aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección do medio na industria panadeira", da cualificación "INA015_2" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais c), d), f), h), i), j), m), o), p) e q) do ciclo formativo, e coas competencias c) d), f), j), l), m), n), o), q), r), s), t), v) e x).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Preparación de masas fermentables, a súa fermentación, aplicación de tratamentos térmicos e composición con recheos, cremas e cubertas.
- Realización de cálculos numéricos para obter as cantidades necesarias de cada ingrediente.
- Interpretación de fichas de fabricación, rexistros de control e documentación técnica asociada.
- Control do produto durante o proceso para garantir a calidade.
- Uso eficiente dos recursos para garantir a protección ambiental.
- Cumprimento das normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais e das normas de seguridade e hixiene.

Os postos de traballo que ocupan os alumnos unha vez superado o ciclo, en relación co módulo de E.P.B. son, por conta propia ou por conta allea: panadeiro/a, elaborador/a de bolaría, elaborador/a de masas e bases de pizza, podendo desenrolar a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadaría, pastelaría e repostaría.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Equipos e instalación de panadería-bolaría	Identificarase toda a maquinaria, útiles e ferramentas necesarios para a elaboración de produtos de panadaría e bolaría e coñecerase a súa utilidade e manexo.	27	8
2	Procedementos de obtención de masas fermentables de panadería	Nesta UD elaboraranse as distintas masas fermentables para a obtención de produtos de panadaria utilizando a documentación necesaria para o control correcto do proceso.	40	13
3	Formado e tratamento térmico das pezas de panadaría	Nesta UD os alumnos aplicarán ás masas fermentables de panadería todos os procesos necesarios para lograr as pezas que se desexan obter.	44	14
4	Procedementos de obtención de masas fermentables de bolaría	Nesta UD elaboraranse as distintas masas fermentables para a obtención de produtos de bolaría utilizando a documentación necesaria para o control correcto do proceso.	45	14
5	Formado e tratamento térmico das pezas de bolaría	Nesta UD os alumnos aplicarán ás masas fermentables de bolaría todos os procesos necesarios para lograr as pezas que se desexan obter.	45	14
6	Técnicas e elaboración de recheos de panadaría	Nesta unidade os alumnos elaborarán recheos, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de panadería.	45	15
7	Técnicas e elaboración de recheos de bolaría	Nesta unidade os alumnos elaborarán recheos, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de bolaría.	45	14
8	Técnicas e elaboración de cubertas de productos de panadería e bolaría	Nesta unidade os alumnos elaborarán cubertas, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de panadaría e bolaría.	26	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Equipos e instalación de panadería-bolaría	27

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon a punto os equipamentos e as instalacións, e recoñece os dispositivos e o seu funcionamento.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos.
CA1.2 Realizáronse as operacións de limpeza, empregando os produtos necesarios.
CA1.3 Executáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel.
CA1.4 Identificouse a secuencia de operacións de arranque e parada das máquinas e dos equipamentos.
CA1.5 Adecuáronse os servizos auxiliares aos requisitos do proceso.
CA1.6 Reguláronse e/ou programáronse os equipamentos de elaboración en función dos requisitos do proceso.
CA1.7 Describíronse as principais anomalías dos equipamentos e as medidas correctoras.
CA1.8 Describiuse o procedemento de eliminación de residuos empregados no mantemento e na limpeza dos equipamentos e das instalacións.
CA1.9 Identificouse a terminoloxía técnica asociada á actividade e recoñeceuse o glosario específico relativo á actividade

4.1.e) Contidos

Contidos
Manexo da terminoloxía técnica asociada á actividade Procedementos de posta en marcha, regulación e parada dos equipamentos: fundamentos e características. Mantemento de primeiro nivel de equipamentos e instalacións. Incidencias tipo na manipulación dos equipamentos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Procedementos de obtención de masas fermentables de panadería	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén masas fermentables de produtos de panadaría e bolaría, e xustifica a súa composición.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso.
CA1.2 Describíronse e caracterizáronse fórmulas de masas de panadaría e bolaría.
CA1.3 Relacionáronse os tipos de masas cos produtos que se desexe obter.
CA1.4 Calculouse a cantidade necesaria de cada ingrediente da masa.
CA1.6 Controlouse o proceso de amasado para obter a masa.
CA1.8 Aplicáronse medidas de hixiene e seguridade alimentaria para asegurar a salubridade dos produtos obtidos.
CA1.10 Aplicáronse as medidas correctoras axeitadas ante desviacións.
CA3.1 Describiuse o fundamento microbiolóxico do proceso de fermentación.
CA3.4 Analizouse a adaptación da formulación da masa en caso de aplicación de frío industrial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Cálculo de ingredientes segundo a proporción establecida na receita base.
Acondicionamento do lévedo do pan, en función do sistema de panificación que se empregue.
Preparación da masa nai.
Operacións de elaboración de masas fermentables de pan: masas brandas, intermedias e duras refinadas.
Análise das anomalías e os defectos das masas fermentables, e descrición das medidas correctoras.
Proceso de fermentación na elaboración de masas frescas, masas retardadas en frío e masas precocidas.
Adaptación das fórmulas de masas fermentables con aplicación de frío industrial.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formado e tratamento térmico das pezas de panadaría	44

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Forma pezas e relaciona as operacións co produto que se queira obter.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO
RA4 - Coce ou frite as pezas, e selecciona o tratamento térmico en función das características do produto final.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicóuselles repouso ás masas nas condicións de temperatura e humidade requiridas.

Criterios de avaliación
CA2.2 Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de xeito que se asegure o tamaño das pezas.
CA2.3 Amasáronse ou boleáronse as porcións de masa obtidas e aplicouse o repouso.
CA2.5 Detectáronse e corrixíronse desviacións nas pezas.
CA2.7 Adoptáronse medidas de hixiene, de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais durante a manipulación da masa.
CA3.2 Describiuse a influencia da temperatura e da humidade no proceso de fermentación.
CA3.7 Adoptáronse medidas de hixiene, seguridade alimentaria e prevención de riscos laborais.
CA4.3 Seleccionouse o forno ou a frixideira, e os seus parámetros de control, en función do tipo de produto.
CA4.4 Cargouse ou alimentouse o forno ou a frixideira, e controlouse a cocción ou a fritura.
CA4.6 Asegurouse o arrefriamento do produto obtido no menor tempo posible.
CA4.8 Aplicáronse as medidas específicas de hixiene e seguridade durante os tratamentos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Operacións de formado de pezas de pans: división, boleado, repouso e formado.
Operacións de elaboración de pezas de panadaría e pastelaría salgada empregando masas de panadaría e bolaría, e recheos axeitados, en función do produto que se elabore.
Localización e control das pezas formadas.
Marcaxe dos sucos, en función dos tipos de pans ou das pezas de bolaría que se elaboren.
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.
Normas de seguridade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procedementos de obtención de masas fermentables de bolaría	45

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén masas fermentables de produtos de panadaría e bolaría, e xustifica a súa composición.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso.
CA1.2 Describíronse e caracterizáronse fórmulas de masas de panadaría e bolaría.
CA1.3 Relacionáronse os tipos de masas cos produtos que se desexe obter.
CA1.5 Pesáronse e dosificáronse os ingredientes.
CA1.7 Relacionáronse os parámetros do amasado coa calidade e as características físicas das masas.
CA1.9 Contrastáronse as características da masa coas especificacións requiridas.
CA3.3 Seleccionáronse as cámaras de fermentación e os parámetros de control (temperaturas, humidade e tempos).
CA3.4 Analizouse a adaptación da formulación da masa en caso de aplicación de frío industrial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Acondicionamento do lévedo nas masas de bolaría en función do sistema empregado: sistema directo, esponxa ou mixto.
Operacións de elaboración de masas fermentables de bolaría simple e composta.
Descrición das características organolépticas, físicas e químicas das masas fermentables, así como o seu control.
Análise das anomalías e os defectos das masas fermentables, e descrición das medidas correctoras.
Aplicación de normas de seguridade e hixiene.
Proceso de fermentación na elaboración de masas frescas, masas retardadas en frío e masas precocidas.
Adaptación das fórmulas de masas fermentables con aplicación de frío industrial.
Aplicación de normas de seguridade e hixiene.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Formado e tratamento térmico das pezas de bolaría	45

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Forma pezas e relaciona as operacións co produto que se queira obter.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO
RA4 - Coce ou frite as pezas, e selecciona o tratamento térmico en función das características do produto final.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicóuselles repouso ás masas nas condicións de temperatura e humidade requiridas.

Criterios de avaliación
CA2.2 Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de xeito que se asegure o tamaño das pezas.
CA2.4 Déuselles forma ás pezas en función do produto para elaborar.
CA2.6 Colocáronse as unidades segundo o seu tamaño e a súa forma para a súa fermentación.
CA3.5 Contrastáronse as características das pezas obtidas coas súas especificacións.
CA3.6 Aplicáronse medidas correctoras ante desviacións e adoptáronse medidas para evitar novos sucesos.
CA4.1 Identificáronse os equipamentos de tratamento térmico (fornos e frixideiras).
CA4.2 Analizáronse os parámetros de control do proceso de forneado ou fritura, e a súa influencia sobre o produto final.
CA4.5 Contrastáronse coas súas especificacións as características do produto cocido ou fritido.
CA4.7 Identificáronse e aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Operacións de formado de pezas de bolaría, atendendo á tipoloxía da masa.
Descrición das anomalías e os defectos do formado de pezas, e aplicación de medidas correctoras.
Marcaxe dos sucos, en función dos tipos de pans ou das pezas de bolaría que se elaboren.
Tratamentos térmicos de aplicación e a súa influencia sobre o produto final.
Descrición das características organolépticas, físicas e químicas dos produtos cocidos e fritidos, así como os controis básicos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas e elaboración de recheos de panadaría	45

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describíronse os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.4 Seleccionáronse e pesáronse os ingredientes en función do produto que se procure.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.4 Asegurouse que a composición final de produto cumpra as especificacións.
CA2.7 Aplicáronse medidas de seguridade e hixiene na manipulación dos produtos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure.

Contidos
Elaboración e conservación de recheos salgados (cremas base, bechamel, rustridos para empanada, farsas diversas para recheos de elaboracións salgadas con masas de panadaría e bolaría, etc.).
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.
Selección dos equipamentos e dos útiles.
Aplicación de medidas de hixiene e seguridade acaídas durante o proceso.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Técnicas e elaboración de recheos de bolaría	45

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describíronse os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.5 Aplicouse a secuencia de operacións de elaboración.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.

Criterios de avaliación
CA1.9 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene alimentaria.
CA2.1 Describíronse os procedementos, as técnicas e os equipamentos para a composición de produtos.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.6 Identificáronse e aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.

4.7.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure. Elaboración e conservación de cremas con ovo, batidas e lixeiras. Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras. Procedementos e técnicas de recheo. Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Técnicas e elaboración de cubertas de productos de panadería e bolaría	26

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describíronse os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.6 Identificouse o punto óptimo de montaxe ou consistencia de cada elaboración.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.5 Fixáronse as condicións de conservación do produto para garantir a seguridade alimentaria.

4.8.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure. Elaboración e conservación de cubertas (glaseados, pasta de améndoa, chocolate e brillos). Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras. Decoración e presentación de pans especiais, pezas de bolaría e produtos de panadaría e pastelaría salgada, aplicando as técnicas axeitadas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

En cada unidade didáctica deberá superar cada un dos instrumentos de avaliación que conteñan criterios de avaliación fixados como mínimos exixibles, sendo a máxima nota a suma de todas as porcentaxes, e facendo a media das mesmas nas uds avaliadas.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumno, polo que ten un carácter continuo.

Na avaliación das aprendizaxe terase en conta, ademais dos resultados das probas escritas, a realización das tarefas propostas, o progreso do alumnado na súa aprendizaxe, así como, a realización das tarefas, tanto con táboas de observación coma con listas de cotexo.

Realizaranse tres avaliacións parciais nas datas que fixe o centro. Para obter unha cualificación positiva resulta necesario superar os CAs fixados como mínimos esixibles e obter unha cualificación de 5 puntos.

A nota da 3ª avaliación e a da final deberán coincidir.

UD1.- EQUIPOS E INSTALACIÓNS DE PANADARÍA-BOLARÍA (Proba Escrita 50% , Lista de cotexo 10%).

CA1.1 - Identificouse o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos.

CA1.2 - Realizáronse as operacións de limpeza, empregando os produtos necesarios.

CA1.4 - Identificouse a secuencia de operacións de arranque e parada das máquinas e dos equipamentos.

CA1.9 - Identificouse a terminoloxía técnica asociada á actividade e recoñeceuse o glosario específico relativo á actividade.

UD2.- PROCEDEMENTOS DE OBTENCIÓN DE MASAS FERMENTABLES DE PANADARÍA (Proba Escrita 50%, Lista de cotexo 10%).

CA1.1 - Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso

CA1.2 - Describíronse e caracterizáronse fórmulas de masas.

CA1.4 - Calculouse a cantidade necesaria de cada ingrediente da masa.

CA1.6 - Controlouse o proceso de amasado para obter a masa.

CA3.1 - Describiuse o fundamento microbiolóxico do proceso de fermentación.

UD3.- FORMADO E TRATAMENTO TÉRMICO DAS PEZAS DE PANADARÍA (Táboa de Observación 60 %).

CA2.1 - Aplicóuselles repouso ás masas de panadaría nas condicións de temperatura e humidade requiridas.

CA2.2 - Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de panadaría de xeito que se asegure o tamaño das pezas.

CA2.3 - Amasáronse ou boleáronse as porcións de masa de panadaría obtidas e aplicouse o repouso.

CA4.3 - Seleccionouse o forno ou a frixideira, e os seus parámetros de control, en función do tipo de produto.

CA4.4 - Cargouse ou alimentouse o forno ou a frixideira, e controlouse a cocción ou a fritura de produtos de panadaría.

UD4.- PROCEDEMENTOS DE OBTENCIÓN DE MASAS FERMENTABLES DE BOLARÍA (Proba Escrita 30%, Táboa de Observación 30%).

CA1.1 - Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso.

CA1.2 - Describíronse e caracterizáronse fórmulas de masas.

CA1.3 - Relacionáronse os tipos de masas de bolaría cos produtos que se desexe obter.

CA1.5 - Pesáronse e dosificáronse os ingredientes para a obtención de masas.

UD5.- FORMADO E TRATAMENTO TÉRMICO DAS PEZAS DE BOLARÍA (Táboa de Observación 50%).

CA2.2 - Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de xeito que se asegure o tamaño das pezas.

CA2.4 - Déuselles forma ás pezas en función do produto para elaborar.

CA2.6- Colocáronse as unidades segundo o seu tamaño e a súa forma para a súa fermentación.

CA3.5 - Contrastáronse as características das pezas obtidas coas súas especificacións.

CA4.2 - Analizáronse os parámetros de control do proceso de forneado ou fritura, e a súa influencia sobre o produto final.

CA4.5 - Contrastáronse coas súas especificacións as características do produto cocido ou fritido.

UD6.- TÉCNICAS E ELABORACIÓN DE RECHEOS DE PANADARÍA (Proba Escrita 30%,Táboa de Observación 30%).

CA1.1 - Describíronse os tipos de cremas e recheos para produtos.

CA1.2 - Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema ou recheo.

CA1.3 - Explicouse o proceso de elaboración de cremas e recheos..

CA2.2 - Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.

CA2.3 - Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.

UD7.- TÉCNICAS E ELABORACIÓN DE RECHEOS DE BOLARÍA (Proba Escrita 20%,Táboa de Observación 30%, Lista de cotexo 10%).

CA1.1 - Describíronse os tipos de cremas e recheos para produtos.

CA1.2 - Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema ou recheo de produtos.

CA1.3 - Explicouse o proceso de elaboración de cremas e recheos para produtos.

CA1.5 - Aplicouse a secuencia de operacións de elaboración para produtos de bolaría.

CA2.2 - Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.

CA2.3 - Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.

UD8.- TÉCNICAS E ELABORACIÓN DE CUBERTAS DE PRODUCTOS DE PANADARÍA E BOLARÍA (Proba Escrita 20%,Táboa de Observación 10, Lista de cotexo 20%)

CA1.1 - Describíronse os tipos de cremas, recheos e cubertas.

CA1.2 - Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.

CA1.3 - Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.

CA1.6 - Identificouse o punto óptimo de montaxe ou consistencia de cada elaboración.

CA2.2 - Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación versarán sobre os contidos do bloque ou bloques tratados en cada un dos trimestres, independentemente de que o alumnado obtivera unha cualificación positiva nas probas parciais realizadas durante o mesmo. O alumnado deberá superar os criterios de avaliación establecidos como mínimos exixibles, polo que se realizará unha proba no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, coincidindo coa proba para o alumnado con PD.

A cualificación final da proba extraordinaria será o resultado de aplicar as porcentaxes asociadas os resultados de aprendizaxe, e será a que se tome para o cálculo da cualificación final, debendo resultar igual ou superior a 5 sobre un máximo de 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Realizarase unha proba ao alumnado con PD no período entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

Esta proba extraordinaria versará sobre os contidos e os procedementos das unidades didácticas traballadas o longo do curso. Unha cualificación positiva nesta proba require o coñecemento global da materia, e dicir, farase un exame teórico e outro práctico de todo o módulo no que o alumnado terá que demostrar que acadou os resultados de aprendizaxe propostos para este curso.

A cualificación final da proba extraordinaria será o resultado de aplicar as porcentaxes asociadas os resultados de aprendizaxe, sempre que se superen os criterios de avaliación establecidos como mínimos exixibles.

Será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para aprobar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Esta levarase a cabo mediante un continuo proceso de Feed-back. Corrixindo e mellorando todos aqueles aspectos que a xuízo do docente no dan os resultados esperados e polas canles establecidas por normativa legal.

- AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da propia práctica docente, tras cada unidade didáctica, farase unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

a) Motivación para o aprendizaxe: acciones concretas que invitan ao alumnado a aprender.

b) Organización do momento de ensinanza: dar estrutura e cohesión as diferentes secuencias do proceso de ensinar do profesorado e de aprender do alumnado.

c) Orientación do traballo do alumnado: axuda e colaboración que se efectúa para que o alumnado logren con éxito os aprendizaxes previstos.

d) Seguimento do proceso de aprendizaxe: accións de comprobación e mellora do proceso de aprendizaxe (ampliación, recuperación, reforzo, etc.).

Reunións mensuais e na aplicación correspondente de xeito regular independentemente da duración das UD.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha proba inicial no mes de outubro, e unha avaliación inicial, adaptando as tarefas dirixidas a obter os obxetivos mínimos programados.

A avaliación inicial realízase co fin de obter información do alumnado, que permita planificar a intervención educativa atendendo as capacidades e necesidades individuais e grupais, así como as características do entorno.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Adaptación de tarefas a mínimos.

Adoptaranse medidas relativas a EDUCONVIVES, da Orde do 8 de Setembro, así coma medidas de convivencia concretas viables para o módulo, en función dos casos de NEAE presentes na aula.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un profesional da rama de hostalería debe ser tamén unha persoa socialmente madura que participa na construción da súa comunidade, un cidadán protagonista no discurso pola paz e a no violencia, a tolerancia, o respecto á diversidade, a sensibilización medioambiental, a vida saudable, o consumo intelixente, así como, un cidadán formado no civismo imprescindible para a convivencia democrática.
O traballo interdisciplinario pódese desenrolar en cada recuncho e en cada momento e, por iso, o tratamento que se darán os contidos transversais será a integración no módulo. Tamén seremos sensibles a un conxunto de conmemoracións (día do medioambiente, etc.) que nos permitirá reforzar a atención e favorecerá a sensibilización de toda a comunidade educativa ós mencionados contidos.
En conxunto ou por separado trataranse os seguintes temas transversais:
- Educación para o consumo responsable.
- Educación para a saúde, tendo en conta a alimentación como factor de saúde.
- Educación medio ambiental, mostrando interese e respecto polo medio ambiente.
- Educación en valores, tendo presente valores humanos e de convivencia.
- Educación para a igualdade, respectando as persoas dende a igualdade.
- Educación para a cooperación, aprendendo a cooperar cos demais.
- Educación para a integración social, aprendendo a integrarse e convivir.
- Educación para a interculturalidade, estando aberto a outras costumes e formas de vivir.

Tamén será valorada a nosa tradición culinaria, especialmente en canto ao coñecemento das materias primas e as diferentes técnicas empregadas nos obradores de panadaría e pastelaría, así como os produtos típicos propios da nosa Comunidade Autónoma.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias

Dentro das actividades complementarias encadranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiales que se poidan organizar no propio Centro, pola situación creada coa pandemia por COVID-19:

- Presentación de produtos.
- Presentación de equipos.
- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos

10.Outros apartados

10.1) Información da programación ao alumnado

A programación explicarase ao alumnado nas primeiras sesións do curso, indicando os obxetivos de forma xenérica e informando das unidades didácticas das que se compón a programación. Tamén se indicará a forma de avaliar, os mecanismos de recuperación, mesmo no caso de ter PD no módulo.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0156	Inglés	2024/2025	2	60	60

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSA ISABEL ARNOSO PICO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Terase en conta o Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en panadería, repostería y confitaría que establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ó título de técnico en panadería, repostería e confitaría polo Real decreto 1396/2007, do 29 de octubre,.

O Real decreto 499/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.

O anexo IX del Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, regula o currículo básico do módulo profesiona de Inglés Profesional (GM)

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	THE KITCHEN	Coñecemento do lugar de traballo e a xente que traballa nel. Aspectos xerais sobre as diferentes partes da cociña e utensilios que se usan nela.	15	25
2	ACTION!	Coñecemento das principais accións que teñen lugar nunha cociña.	15	25
3	MEALS	Preparación e servizo de alimentos. Procedementos básicos e repostaría.	15	25
4	DESSERTS	Preparación de postres típicos en diferentes lugares.	15	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	THE KITCHEN	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identificouse a idea principal da mensaxe.
CA1.4 Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos da vida profesional e cotiá.
CA1.6 Identificáronse as ideas principais dun discurso sobre un tema coñecido, transmitido por un medio de comunicación, emitido en lingua estándar e articulado con claridade.
CA1.7 Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións.
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.
CA2.2 Léronse comprensivamente textos sinxelos.
CA2.3 Interpretouse o contido global da mensaxe.
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito da área profesional a que se refira.
CA2.5 Identificouse a terminoloxía utilizada.
CA2.6 Realizáronse traducións de textos sinxelos utilizando material de apoio, en caso necesario.
CA2.7 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos: correo electrónico, fax, etc.
CA3.1 Identificáronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.

Criterios de avaliación
CA3.2 Comunicouse utilizando fórmulas, nexos e estratexias de interacción.
CA3.3 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións.
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.6 Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións.
CA3.7 Enumeráronse as actividades da tarefa profesional.
CA3.8 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da competencia propia.
CA3.11 Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del cando se considerou necesario.
CA4.1 Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e profesionais.
CA4.2 Organizouse a información coherentemente e con cohesión.
CA4.4 Formalizouse documentación específica do campo profesional propio.
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.
CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
CA5.2 Describíronse e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.
CA5.3 Identificáronse as crenzas e os valores propios da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
CA5.5 Aplicáronse as normas de relación social e os protocolos propios do país da lingua estranxeira.

4.1.e) Contidos

Contidos
Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás: Mensaxes directas, telefónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións, instrucións, etc. Variedade de acentos na lingua oral. Orde de palabras na oración simple.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos básicos profesionais e cotiáns. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax, etc. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Orde de palabras na oración simple.

Contidos
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais.
Terminoloxía específica do sector.
Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.
Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións e instrucións.
Fonemas: sons e fonemas vocálicos (e as súas combinacións) e consonánticos (e as súas agrupacións).
Marcadores lingüísticos de relacións sociais: normas de cortesía e diferenzas de rexistro.
Mantemento e seguimento do discurso oral: Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.
Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiáns: Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax, etc. Terminoloxía específica da área profesional. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua: rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión: exemplificación e conclusión, e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación máis habituais.
Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ACTION!	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identificouse a idea principal da mensaxe.
CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio oral.
CA1.4 Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos da vida profesional e cotiá.
CA1.5 Estableceuse a secuencia dos elementos constituíntes da mensaxe.
CA1.6 Identificáronse as ideas principais dun discurso sobre un tema coñecido, transmitido por un medio de comunicación, emitido en lingua estándar e articulado con claridade.
CA1.7 Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións.
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.
CA2.2 Léronse comprensivamente textos sinxelos.
CA2.3 Interpretouse o contido global da mensaxe.
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito da área profesional a que se refira.
CA2.5 Identificouse a terminoloxía utilizada.
CA2.6 Realizáronse traducións de textos sinxelos utilizando material de apoio, en caso necesario.
CA2.7 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos: correo electrónico, fax, etc.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación
CA3.2 Comunicouse utilizando fórmulas, nexos e estratexias de interacción.
CA3.4 Describíronse feitos breves e imprevistos relacionados coa profesión.
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.6 Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións.
CA3.7 Enumeráronse as actividades da tarefa profesional.
CA3.9 Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.
CA3.10 Argumentouse a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo.
CA3.11 Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del cando se considerou necesario.
CA4.1 Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e profesionais.
CA4.2 Organizouse a información coherentemente e con cohesión.
CA4.4 Formalizouse documentación específica do campo profesional propio.
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.
CA4.6 Resumíronse as ideas principais de informacións dadas, utilizando os seus propios recursos lingüísticos.
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.
CA5.2 Describíronse e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.
CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector, en calquera tipo de texto.
CA5.5 Aplicáronse as normas de relación social e os protocolos propios do país da lingua estranxeira.

4.2.e) Contidos

Contidos
Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás: Mensaxes directas, telefónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións, instrucións, etc. Variedade de acentos na lingua oral. Orde de palabras na oración simple.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos básicos profesionais e cotiáns. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax, etc. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Orde de palabras na oración simple.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais.
Terminoloxía específica do sector.
Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.
Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións e instrucións.
Fonemas: sons e fonemas vocálicos (e as súas combinacións) e consonánticos (e as súas agrupacións).
Marcadores lingüísticos de relacións sociais: normas de cortesía e diferenzas de rexistro.
Mantemento e seguimento do discurso oral: Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.
Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiáns: Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax, etc. Terminoloxía específica da área profesional. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua: rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión: exemplificación e conclusión, e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación máis habituais.
Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Coñecemento dos elementos culturais máis salientables nos países onde se fale a lingua inglesa.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	MEALS	15

- Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
- Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado.
- Definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.
- Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.
- Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral.

- Analizáronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.
- Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.
- Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.
- Identificáronse os compoñentes do recibo de salario.
- Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.
- Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.
- Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento.
- Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título.
- Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.
- Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.
- Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
- Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.
- Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral.
- Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego.
- Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
- Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
- Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.
- Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade.
- Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual.

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- PROBAS ESCRITAS:

Realizaranse probas escritas das unidades 1 a 5 (prevención de riscos, dereito laboral e seguridade social). Nestas probas poderanse presentar cuestións tipo test, preguntas de resposta curta e supostos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles; o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco; as respostas en branco non puntúan; as respostas incorrectas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. En cada proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión.

As probas non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación.

Aquel alumna/o que non asista a unha ou varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperalas en data distinta salvo causa xustificada documentalmente.

As probas escritas suporán un 70% da cualificación.

- ACTIVIDADES DE AULA:
Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso actividades individuais e/ou en equipo. Os contidos, características e criterios de corrección de cada unha das actividades serán proporcionados previamente á súa realización. As actividades que non sexan realizadas ou presentadas nos prazos indicados só poderán ser presentadas noutro prazo por causa xustificada documentalmente. As actividades non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación.
O instrumento de avaliación empregado para avaliar as Actividades de aula será unha Táboa de Observación que o alumno coñecerá previamente.
A media das actividades de aula realizadas de cada unidade suporá o 30% da nota.

A unidade didáctica 6 será avaliada na súa totalidade a través da realización de actividades de aula, que serán valoradas con táboas de observación.

Cada avaliación trimestral considerarase aprobada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5, realizando a media ponderada dos pesos das unidades didácticas que correspondan.

Na 1ª avaliación avaliaremos as unidades didácticas 1 a 3, na 2ª avaliación a unidade 4 e na 3ª avaliación as unidades 5 e 6.

A cualificación final do módulo será o resultado da media ponderada das cualificacións de todas as unidades didácticas.

Criterios de cualificación:
- Nas cuestións tipo test, as respostas incorrectas restan en proporción tres erradas unha correcta.
- As probas valóranse sobre 10 puntos, sendo ou non variable o reparto desta puntuación entre as cuestións presentadas, xa que isto depende da tipoloxía de ditas cuestións.
- Para o cálculo das cualificacións, tanto trimestrais como finais, utilizaremos o redondeo matemático, é dicir, sempre que o decimal sexa 5 ou mais subiremos a nota ao enteiro mais próximo, senón manteremos a nota inferior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao final de cada avaliación plantexaranse actividades e probas de recuperación para aqueles alumnos ou alumnas que teñan algunha avaliación ou parte da mesma suspensa.

RECUPERACION XUÑO

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso na terceira avaliación, realizarán durante as semanas restantes ata a avaliación final as actividades e probas de recuperación que lle marque o docente, correspondentes aos contidos non superados.

RECUPERACION MODULO PENDENTE

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar os traballos que lles vaia indicando o profesor que imparta o módulo en primeiro no presente curso.

Para marcar as actividades que deberá realizar cada alumno, o docente do presente curso deberá ter en conta o informe individualizado de avaliación que fixo o docente do curso anterior sobre o alumno.

As actividades que se desenvolverán ao longo do curso deberán cubrir os contidos mínimos que terá que superar o alumno nesta materia, e serán todas ou parte das seguintes, de conformidade co indicado no informe individualizado:

- Actividades de identificación das situacións de risco máis habituais nunha empresa do sector, e clasificación dos tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional do título.
- Realización dunha avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título, e definición das técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Clasificación dos xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Identificación das técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos.
- Identificación de normas laborais e principios aplicación das mesmas.
- Busca de información dentro dun convenio colectivo ou contrato individual do traballador.
- Determinación en supostos prácticos das diferentes posibilidades na selección dunha modalidade de contratación.
- Recoñecemento de termos sobre xornada de traballo.
- Confección dun recibo básico de salarios e interpretación dun proposto polo docente.
- Identificación das causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Interpretación e cálculo dunha liquidacións de contidos simples e en salarios brutos.
- Interpretación e cálculo de prestacións por desemprego de nivel contributivo básica.
- Busca de información sobre fontes de emprego.
- Xestión de técnicas de selección de persoal: elaboración dun currículo e carta de presentación.
- Determinación e análise das características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.

As actividades que se vaian desenvolvendo deberán ser entregadas polos alumnos dentro dos prazos que para cada unha se establezan. O docente estará a disposición do alumno ou alumna para o seguimento dos traballos e a resolución de posibles dúbidas naquelas horas que figuren no seu cadro horario como visita de alumnos ou noutras que se puideran acordar, sempre dentro das posibilidades das dúas partes. Cada trimestre caberá a posibilidade de realizar unha proba obxectiva sobre as unidades traballadas no mesmo se o docente o considera necesario.

En marzo, sempre que o alumno realizara os traballos propostos, terá a oportunidade de presentarse a unha proba extraordinaria sobre aqueles contidos que sexa necesario avaliar en función do traballo desenvolvido ao longo do curso. De non ter presentado algún dos traballos propostos a proba extraordinaria constará sobre todos os contidos do módulo que o alumno teña pendentes.

A materia darase por recuperada se, unha vez entregados todos os traballos propostos ao alumno e feita a proba correspondente, este obtén unha puntuación igual ou maior que 5.

No caso de non superar o módulo na avaliación extraordinaria de marzo, como medida previa á súa incorporación na quenda ordinaria de formación en centros de traballo, o alumno deberá continuar ata xuño coas actividades de recuperación correspondentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Se algún alumno/a, sempre seguindo os criterios xerais de avaliación, perdera o seu dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria sobre a totalidade dos contidos do módulo. Esta avaliación extraordinaria terá sempre lugar logo da avaliación ordinaria correspondente do ciclo e deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal na aula ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos, así como a través da aula virtual.

Esta proba consistirá na resolución dunha serie de cuestións tipo test, e de varios supostos prácticos sobre: prevención dos riscos específicos no sector profesional do título, consulta dun convenio colectivo do sector profesional do título, nómina, extinción de contrato, e busca de emprego.

Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5: Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. Na proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir. Dito seguimento recollerase mensualmente na aplicación de programacións, e será remitido ao titor ou titora correspondente.
Ao remate de cada trimestre farase unha nova avaliación en conxunto do mesmo, coa finalidade de analizar o impartido durante ese período e os resultados obtidos. Desta avaliación deberanse extraer datos para poder revisar a programación de cara a vindeiros períodos.
Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar un informe final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais, etc.).

Ademáis do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa labor docente que son realizadas tódolos cursos aos alumnos, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente de cada un dos seus profesores.
Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:
-Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
-Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
-Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
-Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
-Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
-TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
-Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
-Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumado en relación co perfil profesional correspondente.
Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo aporte do seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.
Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presencia na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.
Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.
Nesta atención á diversidade encadrarase toda actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.
Poderanse adoptar, de acordo coas indicacións do departamento de Orientación e das instancias da Consellería de Educación, medidas ordinarias de atención á diversidade (que non modifican os elementos prescriptivos do currículo) ou ben medidas extraordinarias de atención á diversidade, como a flexibilización modular na duracion das ensinanzas, seguindo o procedemento legal establecido.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro de cada unha das unidades didácticas establécense os contidos actitudinais, cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Serán motivo de reflexión e debate, coa coeducación e a interculturalidade como fondo, así como a interacción entre o alumnado e o profesorado para evitar a transmisión de prexuízos e o currículo oculto, sendo a guía que servirá para enmarcar a adquisición do resto dos contidos e aprendizaxe.

Traballaranse especialmente os seguintes:
1. Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
2. A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
3. Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores.
4. Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.
5. Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.
6. A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos.
7. Análise das profesións con menor índice de presencia feminina.
8. Emprego de ferramentas que respecten a propiedade intelectual dos autores. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do curso poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, expertos en primeiros auxilios, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas do entorno. Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello escolar. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación. Desde o departamento organizaranse unhas charlas prácticas sobre primeiros auxilios.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES que exceden do horario escolar poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de visitar actividades como Galiemprego ou outras similares, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.

10.Outros apartados

10.1) Unidade 0

A primeira sesión de clase dedicarase á presentación do módulo, á información sobre a programación e á avaliación inicial dos alumnos.
A profesora facilitará ao alumnado toda a información relativa á programación do módulo: contidos, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía que se empregará, procedementos para as perdas de avaliación continua.
Informarase aos alumnos de que a programación estará á súa disposición para seren consultada, na aula virtual e/ou na páxina web do centro.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0024	Materias primas e procesos en panadaría, pastelaría e repostaría	2024/2025	3	103	103

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA MARÍA MORÁN MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación corresponde ó módulo Materias Primas e Procesos en Panadaría,Pastelaría e Repostaría,pertencente ó Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría da Familia Profesional de Industrias Alimentarias.Ten como referente o Decreto 224/2008, do 25 de setembro,e as súas modificacións polo que se establece o currículo do ciclo formativo, así como todas as disposicións legais vixentes en materia educativa.
A lei orgánica 3/2022 do 31 de marzo ven de modificar o sistema de FP co obxetivo de constituir e ordenar un sistema único e integrado de FP. Deste xeito se adecúan as cualificacións profesionais ás demandas do mercado laboral e se establece un sistema de acompañamento e orientación profesional ao longa da vida. Búscase nestes cambios que o sistema sexa máis flexible, accesible e acreditable.

O RD 499/2024 de 21 de Maio que a desenvolve incorpora as transformación froito da dixitalización, transición ecolóxica e sutentabilidade en todos los sectores económicos. Axústase neste módulo en concreto o número de horas de docencia que pasa de 133 no curriculum vixente a 103 horas coa modificación actual.

Reflectir que temos unha pequena modificación neste módulo debido a adaptación dos ciclos

O currículo do ciclo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.
Estas persoas exercerán a súa actividade nomeadamente en obradoiros artesanais e/ou semiindustriais e industrias que elaboren produtos de panadaría, pastelaría e confeitaría, así como no sector de hostalaría, e tamén como elaboradores por conta propia. Tamén poderán exercer a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboren e vendan produtos de panadaría, pastelaría e repostaría.

As ensinanzas do módulo centraranse no coñecemento da materia prima e os procesos aplicados na elaboración dos produtos así como nas técnicas de control aplicadas a nivel de producción industrial.
Por último, a demanda da poboación en relación a elaboracións dietéticas ou para persoas con necesidades específicas tanto a nivel económico como a determinadas intolerancias , así como o aumento de poboación procedente de diversas culturas, tamén son tidas en conta de xeito que o alumnado deberá coñecer todos os productos, estacionalidade, cualidades organolépticas,modo de emprego e conservación en cada materia prima de uso en panadaría, repostaría e confitaría.
En todo o proceso de desenvolvemento do módulo daráse especial importancia ó cumplimento da normativa hixénico-sanitaria vixente, así como o cumprimento das guías de buenas prácticas hixiénicas e o APPCC

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Características e funcionalidades das materias primas e auxiliares	Caracterización e funcionalidade das diferentes materias primas e auxiliares utilizadas en panadaría e pastelaría dende o punto de vista físico, químico e organoléptico . Parámetros de calidade.	30	25
2	Identificación, descripción e lexislación referida ós produtos de panadería, bolaría, pastelaría e confeitaría.	Caracterización dos produtos acabados de panadería, bolaría, confeitaría e pastelaría. Características física, químicas e organolépticas. Alerxías e intolerancias. Normas de calidade de aplicación. Novas tendencias no sector.	20	20
3	Procesos de elaboración de produtos de panadaría,pastelaria e repostaría	Procesos, operaciones e variables de control en procesos de panadería, pastelaría e confeitaría. No conformidades e medidas correctoras nos procesos.	25	25
4	Equipamentos e instalacións en obradoiros de elaboración. Novas tecnoloxías.	Característcas principales do obradoiro	12	15
5	Conservación de produtos, métodos e parámetros de control	Parámetros que influen na conservación dos alimentos, métodos de control. No conformidades e as súas consecuencias. Relación coa caducidade dos alimentos.	16	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Características e funcionalidades das materias primas e auxiliares	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materias primas e auxiliares, e xustifica o seu emprego en función do produto que se queira obter.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasificáronse e caracterizáronse os tipos e as presentacións comerciais.
CA1.2 Describíronse as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.

Criterios de avaliación
CA1.2.1 Describíronse as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.
CA1.2.2 Analizáronse as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.
CA1.3 Identificáronse e diferenciáronse as funcións que estas exercen nos produtos.
CA1.4 Enumeráronse os parámetros de calidade e relacionáronse coa súa aptitude de uso.
CA1.5 Describíronse as condicións de almacenaxe e conservación.
CA1.6 Enumeráronse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.
CA1.6.1 Enumeráronse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.
CA1.6.2 Analizáronse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.
CA1.7 Caracterizáronse as funcións, a dosificación e os efectos dos aditivos.
CA1.8 Avaliouse a idoneidade das materias primas e auxiliares mediante a toma de mostras e controis básicos.
CA1.9 Definíronse os controis básicos de materias primas e auxiliares, e de produtos.
CA1.10 Aplicáronse tests sensoriais ou catas para valorar as características organolépticas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Descrición das principais materias primas e auxiliares: función tecnolóxica, tipos, presentación comercial, propiedades físicas, químicas e organolépticas, conservación e deterioracións.
Interpretación da normativa da calidade das materias primas e auxiliares.
Selección de materias primas e auxiliares en función do produto que se queira obter.
Procedementos de toma e identificación das mostras.
Determinacións organolépticas, físicas e químicas básicas de materias primas e auxiliares, e de produtos.

Contidos
Probas e tests sensoriais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Identificación, descripción e lexislación referida ós produtos de panadería, bolaría, pastelaría e confeitaría.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece os produtos de panadaría, bolaría, pastelaría, confeitaría e repostaría, e xustifica as súas características específicas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse os principais produtos de panadaría e pastelaría.
CA2.2 Describíronse as súas principais características físicas e químicas.
CA2.3 Recoñecéronse as súas características organolépticas.
CA2.3.1 Recoñecéronse as súas características organolépticas
CA2.3.2 Avaliáronse as súas características organolépticas
CA2.4 Relacionouse a súa composición con determinadas alerxias ou trastornos alimentarios.
CA2.5 Recoñeceuse a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación e a elaboración dos produtos.
CA2.6 Recoñecéronse as principais innovacións na elaboración de produtos de panadaría e pastelaría.

4.2.e) Contidos

Contidos
Produtos de panadaría e bolaría: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de pastelaría e repostaría: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de galletaría: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de confeitaría e outras especialidades: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesos de elaboración de produtos de panadaría,pastelaria e repostaría	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza os procesos de elaboración en relación cos produtos que se vaian obter.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describíronse os principais procesos de elaboración en panadaría, bolaría, pastelaría, confeitaría e repostaría.
CA3.2 Determinouse unha secuencia das operacións e xustificouse a orde establecida.
CA3.2.1 Determinouse unha secuencia das operacións e xustificouse a orde establecida.
CA3.2.2 Valorouse as secuencias das operacións e xustificaronse as ordes establecidas.
CA3.3 Identificáronse as variables de control dos procesos de elaboración.
CA3.4 Describíronse as modificacións físicas, químicas e biolóxicas das masas e dos produtos.

Criterios de avaliación
CA3.5 Enumeráronse as anomalías máis frecuentes e as súas medidas correctoras.
CA3.6 Avaliouse a relevancia dos lévedos no procesado das masas.
CA3.7 Valorouse a orde e a limpeza como elementos imprescindibles no proceso de elaboración.
CA3.8 Valoráronse os procesos artesanais fronte aos industriais.

4.3.e) Contidos

Contidos
Procesos de elaboración de produtos de panadaría e bolaría: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de pastelaría e repostaría: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de galletaría: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de confeitaría e outras especialidades: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Manexo das TIC na formalización de rexistros, partes e incidencias.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Equipamentos e instalacións en obradoiros de elaboración. Novas tecnoloxías.	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os equipamentos e as instalacións de elaboración de produtos de panadaría, pastelaría, repostaría e confeitaría en relación coas súas aplicacións.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasificáronse os tipos de equipamentos e de maquinaria.
CA4.2 Determináronse as características técnicas dos equipamentos.
CA4.3 Describíronse os principios de funcionamento dos equipamentos.
CA4.4 Recoñecéronse as aplicacións dos equipamentos e da maquinaria.
CA4.5 Identificáronse as medidas de seguridade dos equipamentos.
CA4.6 Xustificouse a disposición dos equipamentos no obradoiro.
CA4.7 Recoñecéronse os accesorios asociados a cada equipamento en función das elaboracións.
CA4.8 Recoñecéronse as características propias dun obradoiro.
CA4.9 Valoráronse as novas tecnoloxías nos procesos de elaboración.

4.4.e) Contidos

Contidos
O obradoiro: características e localización dos equipamentos. Tipos e funcionamento de máquinas e instalacións. Dispositivos de seguridade de equipamentos e instalacións. Novas tecnoloxías nos procesos de elaboración.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Conservación de produtos, métodos e parámetros de control	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Caracteriza os procesos de conservación e xustifica a súa necesidade ou exixencia.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Enumeráronse os parámetros que inflúen na conservación dos alimentos.
CA5.2 Describíronse os métodos de conservación.
CA5.3 Identificáronse as consecuencias dunha mala conservación.
CA5.4 Relacionouse cada produto coas súas necesidades específicas de conservación.
CA5.5 Identificáronse os parámetros que inflúen na conservación (actividade de auga, temperatura, humidade, etc.).
CA5.6 Xustificouse a caducidade dos produtos.
CA5.7 Valorouse o gasto enerxético asociado á conservación de produtos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Conservación dos alimentos. Parámetros de control (temperatura, actividade de auga, pH, etc.). Métodos de conservación dos alimentos. Caducidade dos produtos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como Criterio de Avaliación mínimo esixible, que son:

CA1.1 - Clasificáronse e caracterizáronse os tipos e as presentacións comerciais.

CA1.2.2 - Analizáronse as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.

CA1.3 - Identificáronse e diferenciáronse as funcións que estas exercen nos produtos.

CA1.4 - Enumeráronse os parámetros de calidade e relacionáronse coa súa aptitude de uso.

CA1.6.1 - Enumeráronse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.

CA1.7 - Caracterizáronse as funcións, a dosificación e os efectos dos aditivos.

CA1.10 - Aplicáronse tests sensoriais ou catas para valorar as características organolépticas.

CA2.1 - Identificáronse os principais produtos de panadaría e pastelaría.

CA2.2 - Describíronse as súas principais características físicas e químicas.

CA2.3.2 - Avaliáronse as súas características organolépticas

CA3.1 - Describíronse os principais procesos de elaboración en panadaría, bolaría, pastelaría, confeitaría e repostaría.

CA3.2.2 - Valorouse as secuencias das operacións e xustificaronse as ordes establecidas.

CA3.3 - Identificáronse as variables de control dos procesos de elaboración.

CA3.4 - Describíronse as modificacións físicas, químicas e biolóxicas das masas e dos produtos.

CA3.5 - Enumeráronse as anomalías máis frecuentes e as súas medidas correctoras.

CA3.6 - Avaliouse a relevancia dos lévedos no procesado das masas.

CA4.1 - Clasificáronse os tipos de equipamentos e de maquinaria.

CA4.2 - Determináronse as características técnicas dos equipamentos.

CA4.4 - Recoñecéronse as aplicacións dos equipamentos e da maquinaria.

CA4.5 - Identificáronse as medidas de seguridade dos equipamentos.

CA4.7 - Recoñecéronse os accesorios asociados a cada equipamento en función das elaboracións.

CA4.8 - Recoñecéronse as características propias dun obradoiro.

CA5.1 - Enumeráronse os parámetros que inflúen na conservación dos alimentos.
CA5.2 - Describíronse os métodos de conservación.
CA5.3 - Identificáronse as consecuencias dunha mala conservación.
CA5.5 - Identificáronse os parámetros que inflúen na conservación (actividade de auga, temperatura, humidade, etc.).
CA5.6 - Xustificouse a caducidade dos produtos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación deste módulo realizarase utilizando os instrumentos de cada criterio de avaliación, tendo en conta o peso (%) dentro da súa unidade.

Para acadar unha avaliación positiva en cada unidade didáctica, os alumnos deben superar obrigatoriamente as probas correspondentes aos criterios mínimos exixibles indicados no punto 4.d e 5. Con todo, non é necesario superar os criterios non considerados mínimos exixibles, sempre e cando a cualificación global da unidade sexa dun 5. A cualificación da unidade será a media ponderada das cualificacións de cada criterio.

En cada unidade realizarase ao menos unha proba escrita.

A cualificación global do módulo será a media ponderada das cualificacións de cada unidade, segundo o peso de cada unidade respecto do módulo.

O alumno coñecerá previamente o peso dos criterios de avaliación e da unidades, así como o tipo de proba de cada instrumento.

A cualificación de cada avaliación trimestral será media ponderada das notas das unidades rematadas á data da avaliación.

Aquelas unidades nas que o alumno non supere todos os mínimos exixibles terán unha cualificación máxima de 4 puntos.

En todos os casos (mínimos esixibles, unidades e módulo), a avaliación positiva (aprobado) acádase con 5,00 sobre 10,00 puntos.

Para o rexistro da cualificación na aplicación XADE, a partir de 5,00, redondearase por exceso con 0,50 ou superior.

Todo o material de traballo (documentos escritos, vídeos, ligazóns a páxinas web, etc.) está dispoñible na aula virtual do centro. As tarefas escritas entregaranse a través da mesma, seguindo as instrucións que as acompañan.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as que non superen todos os mínimos esixibles e/ou unidades do módulo no período ordinario, disporán dunha proba extraordinaria, na que deberán realizar aqueles non superados, cos mesmos criterios de cualificación que nas probas ordinarias.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos e alumnas que perdan o dereito á avaliación continua por superación do máximo de faltas de asistencia permitidas, disporán dunha proba extraordinaria no mes de xuño, no período fixada para a mesma.

Realizaranse as probas correspondentes aos criterios de avaliación, segundo o apartado 4.d.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que nas probas ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realización de tests ou preguntas de contestación curta para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión. A proba levarase a cabo na primeira semana do curso e antes de comenzar a ver contidos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

A atención o alumnado con NEE rexiráse polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

D. .B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.

P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.

Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.

A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas ,sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión , coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas suas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor: Ritmos de aprendizaxe, as motivacions do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.,

Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as suas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

As capacidades terminais e os contidos

A metodoloxía

Técnicas de traballo cooperativo.
Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
Actividades de reforzo.
Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respeto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.
Tamén será posta en valor a nosa tradición culinaria, especialmente en canto ao coñecemento das materias primas empregadas en repostería así como os produtos típicos doces propios da nosa comunidade autónoma.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar:

Complementarias:

- Visitas a establecementos relacionados co sector,onde poidan observar o uso e conservación das materias primas, asi como os procesos empregados
- Visitas a ferias-exposición de produtos relacionados co noso sector, onde verán as innovacións no noso campo
- Visitas a museos do pan,do chocolate,etc
- Realización dos típicos bicos na segunda semán de Marzo

Extraescolares:

- Charlas sobre normas de seguridade e hixiene na industria alimentaria e o xeito de aplicalas no noso obrador
- Charlas sobre B.P.M.

- Semana da alimentación saudábel no instituto

10.Outros apartados

10.1) Información

A profesora do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios minimos exixibles e a sua ponderación
3. Cualificación de la materia
4. Recuperaciones

10.2) Adaptacións

Adaptacións en caso de alerxias e intolerancias alimentarias que podan afectar ó desenrolo de prácticas correspondentes a criterios de avaliación da materia.

O profesor informará ós alumnos que neste módulo se levará a cabo cata de produtos elaborados e/ou industriais e que polo tanto van a conter alérxenos.

O profesor do módulo recabará dos alumnos información de se algún presenta alerxías e intolernarias, en caso positivo, non levará a cabo a cata e se sustituirá esas prácticas por outra que considere o profesor para poder avaliar ese criterio ó alumno. Esta adaptación quedará reflectiva no seguimento e na actividade que corresponda a adaptación.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria	2024/2025	3	80	80

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA MARÍA MORÁN MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Además, durante a primeira semana do curso farase unha proba escrita para verificar os coñecementos que trae adquirido o alumnado, para axustar as actividades propostas ao nivel de partida. Asi mesmo, con cada cambio de unidade, relizaráse un debate, chuvia de ideas ou similar, que sirva para comprobar qué conceptos coñece o estudantado sobre o tema e como os relacionan.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado con dificultades concretas que non logren acadar os obxetivos propostos en cada unidade didáctica prepararanse actividades de apoio e reforzo, tendo en conta as diferentes capacidades, motivacións e intereses que presentan

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula, podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns hábitos adecuados de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer

que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico_práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Valorarase a posibilidade de saidas do centro a industrias de alimentación.

10.Outros apartados

10.1) Programación

Comentarase de forma verbal ao alumnado presente na aula o contido da programación, facendo fincapé nos seguintes puntos:- -------
- Obxectivos, competencias e criterios de avaliación.
- Criterios de cualificación.- A versión do alumnado, desta programación, está á súa disposición na aula virtual e no lugar disposto polo centro.
Os alumnos asinarán un documento conforme foron informados de todos os puntos desta programación así como, onde poden consultar a versión do alumnado da mesma

10.2) Recursos e TICs

- Apuntes e boletíns de exercicios proporcionados pola docente
- Pizarra
- Pantalla de proxección e canón
- Aula virtual do Centro

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos	2024/2025	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA RUTH FACHAL RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en panadaría, repostaría e confeitaría.

Tal como se estabrece no propio currículo deste ciclo medio:

A competencia xeral deste título consiste en elaborar e presentar produtos de panadaría, repostaría e confeitaría, conducindo as operacións de produción, composición e decoración, en obradoiros e estable- cementos de restauración, con aplicación da lexisla- ción de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Artigo 5o.-Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a seguir:

a) Aprovisionar e almacenar materias primas e auxiliares, atendendo ás características do produto.

b) Deseñar e modificar as fichas técnicas de fabri- cación consonte a demanda do mercado.

c) Regular os equipamentos e os sistemas de pro- dución en función dos requisitos do proceso produ- tivo.

d) Elaborar produtos de panadaría, pastelaría, repostaría e confeitaría, controlando as operacións segundo o manual de procedementos.

e) Elaborar sobremesas de restauración emprata- das e listas para o seu consumo, facendo uso das téc- nicas culinarias.

f) Compor, acabar e presentar os produtos elabora- dos, aplicando técnicas decorativas e innovadoras.

g) Envasar, etiquetar e embalar os produtos elabo- rados, asegurando a súa integridade durante a distri- bución e a comercialización.

h) Almacenar produtos acabados, realizar o control de existencias e verificar a súa expedición.

i) Verificar a calidade dos produtos elaborados rea- lizando controis básicos, e rexistrar os resultados.

j) Preparar e manter os equipamentos e as instala- cións garantindo o funcionamento e a hixiene en condicións de calidade, seguridade e eficiencia.

k) Cubrir os rexistros e os partes de incidencia uti- lizando os procedementos de calidade.

l) Facer publicidade e promoción dos produtos ela- borados utilizando as técnicas de comercialización e de mercadotecnia.

m) Garantir a rastrexabilidade e a salubridade dos produtos elaborados, con aplicación da normativa de seguridade alimentaria.

n) Garantir a protección ambiental utilizando efi- cientemente os recursos e recollendo os residuos de xeito selectivo.

o) Cumprir as normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais, consonte o estableci- do no proceso de elaboración do produto.

p) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, mantendo relacións fluídas cos membros do seu equipo de traballo, ten- do en conta a súa posición dentro da organización da empresa.

q) Manter unha actitude profesional de innovación na creación de novos produtos e de mellora dos pro- cesos e das técnicas de comercialización.

r) Cumprir os obxectivos de produción, colaboran- do co equipo de traballo e actuando consonte os principios de responsabilidade e tolerancia.

s) Adaptarse a novas situacións laborais e a diver- sos postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

t) Resolver problemas e tomar decisións indivi- duais seguindo as normas e os procedementos esta- blecidos, definidos dentro do ámbito da súa compe- tencia.

u) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o estable- cido na lexislación vixente.

v) Xestionar a súa carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

w) Crear e xestionar unha pequena empresa, reali- zando un estudo de viabilidade de produtos, de pla- nificación da produción e de comercialización.

x) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude participativa, crítica e responsable.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A hixiene alimentaria. Mantemento de boas prácticas de hixiene persoal	Estudarase o marco normativo básico e os conceptos fundamentais en materia de hixiene alimentaria, así como as boas prácticas de hixiene persoal na manipulación de alimentos.	8	17
2	Infeccións e intoxicacións alimentarias	Identificaranse os axentes que causan a contaminación dos alimentos e os factores que favorecen a propagación dos microorganismos. Describiranse e identificaranse as alerxias e intolerancias alimentarias.	10	17
3	Aplicación de boas prácticas na manipulación de alimentos	Aplicaranse as boas prácticas de manipulación de alimentos nas diferentes fases da actividade empresarial e clasificaranse os métodos de conservación de alimentos.	10	17
4	Limpeza e desinfección	Analizaranse os sistemas e métodos de limpeza e desinfección de equipamentos e instalacións. Identificaranse as causas que poden provocar a aparición de pragas, así como as medidas preventivas para evitalas.	8	16
5	Os sistemas de autocontrol	Analizarase a importancia dos sistemas de autocontrol, a terminoloxía empregada nos sistemas de APPCC e as etapas para a súa implantación.	9	17
6	Xestión mediambiental e dos residuos	Analizarase a importancia da aplicación de boas prácticas mediambientais e trataranse as medidas a adoptar para a reducción de residuos. Estudarase e identificaranse os tipos de emisións e residuos que xera a actividade para o seu tratamento e reciclado.	8	16

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A hixiene alimentaria. Mantemento de boas prácticas de hixiene persoal	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Mantén boas prácticas hixiénicas e avalía os perigos asociados aos malos hábitos hixiénicos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas.
CA2.1.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas.
CA2.1.3 Identificáronse outras normas hixiénico-sanitarias relacionadas coas prácticas hixiénicas.
CA2.2 Identificáronse os perigos sanitarios asociados aos malos hábitos e as súas medidas de prevención.
CA2.2.1 Identificáronse os perigos sanitarios asociados aos malos hábitos.
CA2.2.2 Identificáronse as medidas de prevención fronte aos perigos sanitarios.
CA2.3 Identificáronse as medidas de hixiene persoal asociadas á manipulación de alimentos.
CA2.4 Recoñecéronse todos os comportamentos e as actitudes susceptibles de producir unha contaminación nos alimentos.
CA2.5 Enumeráronse as doenzas de obrigada declaración.
CA2.6 Recoñeceuse a vestimenta de traballo completa e os requisitos para a súa limpeza.
CA2.6.1 Recoñeceuse a vestimenta de traballo completa.
CA2.6.2 Recoñecéronse os requisitos para a limpeza da vestimenta de traballo.
CA2.7 Identificáronse os medios de protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora.
CA2.7.1 Identificáronse os medios de protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora.
CA2.7.2 Comprendeuse a importancia da protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora.

4.1.e) Contidos

Contidos
Normativa xeral de hixiene aplicable á actividade.
O Códex Alimentarius.
A hixiene persoal.
Adopción de hábitos axeitados e a declaración de enfermidades coñecidas.
O emprego dos guantes.
Alteración e contaminación dos alimentos debido a hábitos pouco adecuados das persoas manipuladoras.
Guías de prácticas correctas de hixiene (GPCH), coas súas recomendacións e os contidos mínimos para o sector.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Infeccións e intoxicacións alimentarias	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica boas prácticas de manipulación dos alimentos en relación coa calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Clasificáronse e describíronse os principais riscos e as toxinfeccións de orixe alimentaria en relación cos axentes causantes.
CA3.3 Valorouse a repercusión dunha mala manipulación de alimentos na saúde das persoas consumidoras.
CA3.4 Describíronse as principais alteracións dos alimentos.

Criterios de avaliación
CA3.6 Evitouse o contacto de materias primas ou semielaboradas cos produtos procesados.
CA3.7 Identificáronse alerxias e intolerancias alimentarias.
CA3.7.1 Identificáronse alerxias e intolerancias alimentarias.
CA3.7.2 Planificáronse alternativas alimentarias para as persoas con alerxias e intolerancias alimentarias.
CA3.8 Evitouse a presenza de trazas de alérxenos en produtos libres deles.
CA3.9 Recoñecéronse os procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias.

4.2.e) Contidos

Contidos
0Alteración e contaminación dos alimentos debido a prácticas de manipulación inadecuadas.
Alérxenos e reaccións alérxicas. Ingredientes de declaración obligatoria.
Alerxias e intolerancias alimentarias
Perigos sanitarios asociados a prácticas de manipulación non axeitadas.
A contaminación dos alimentos.
A contaminación por axentes físicos.
A contaminación por axentes biolóxicos.
Factores que favorecen o desarrollo dos microorganismos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación de boas prácticas na manipulación de alimentos	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Mantén boas prácticas hixiénicas e avalía os perigos asociados aos malos hábitos hixiénicos.	NO
RA3 - Aplica boas prácticas de manipulación dos alimentos en relación coa calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas.
CA2.1.2 Recoñecéronse as normas sanitarias do manipulador de alimentos.
CA3.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas de manipulación.
CA3.1.1 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coa recepción das materias primas.
CA3.1.2 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas co almacenamento dos alimentos.
CA3.1.3 Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas boas prácticas noutras operacións culinarias: emplatado e servizo, abatemento da temperatura e rexeneración e envasado, etiquetado e distribución.
CA3.5 Describíronse os métodos de conservación de alimentos.
CA3.5.1 Describíronse os principáis obxectivos da conservación dos alimentos.
CA3.5.2 Establecéronse os métodos de conservación axeitados para cada alimento.
CA3.5.3 Distingue distintos tipos de aditivos segundo a súa función.
CA3.5.4 Describíronse os métodos de conservación de alimentos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Normativa xeral de hixiene aplicable á actividade.
O manipulador de alimentos.
Normativa xeral de manipulación de alimentos.
Métodos de conservación dos alimentos.
A recepción das materias primas.
Almacenamento de alimentos.
Procesado dos alimentos.
Boas prácticas noutras operacións culinarias: emplatado e servizo, abatemento da temperatura e rexeneración e envasado, etiquetado e distribución.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Limpeza e desinfección	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Limpa e desinfecta útiles, equipamentos e instalacións, e valora a súa repercusión na calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificáronse os requisitos hixiénico-sanitarios dos equipamentos, dos útiles e das instalacións de manipulación de alimentos.
CA1.2 Avaliáronse as consecuencias da limpeza e da desinfección inadecuadas para a inocuidade dos produtos e a seguridade das persoas consumidoras.

Criterios de avaliación
CA1.3 Describíronse os procedementos, as frecuencias e os equipamentos de limpeza e desinfección (L+D).
CA1.3.1 Describíronse os precedementos de limpeza e desinfección.
CA1.3.2 Estableceuse a diferenza entre limpeza e desinfección.
CA1.3.3 Describíronse as frecuencias e os equipamentos de limpeza e desinfección (L+D).
CA1.4 Efectuouse a limpeza e a desinfección cos produtos establecidos, e asegurouse a completa eliminación destes.
CA1.5 Describíronse os parámetros obxecto de control asociados ao nivel de limpeza ou desinfección requirido.
CA1.6 Recoñecéronse os tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD).
CA1.7 Describíronse os procedementos para a recollida e a retirada dos residuos dunha unidade de manipulación de alimentos.
CA1.8 Clasificáronse os produtos de limpeza e de desinfección, e os utilizados para os tratamentos de DDD, así como as súas condicións de emprego.
CA1.8.1 Clasificáronse os produtos de limpeza e de desinfección e as súas condición s de emprego.
CA1.8.2 Clasificáronse os produtos utilizados para os tratamentos de DDD e as súas condicións de emprego.
CA1.9 Avaliáronse os perigos asociados á manipulación de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD.
CA1.9.1 Avaliáronse os perigos asociados á manipulación de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD.
CA1.9.2 Identificáronse as fichas técnicas de seguridade e as etiquetas de seguridade dos produtos de limpeza.

4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos e niveis de limpeza. Lexislación e requisitos xerais de limpeza de útiles, equipamentos e instalacións. Perigos sanitarios asociados a aplicacións de limpeza e desinfección, ou desratización e desinsectación inadecuados.

Contidos
Procesos e produtos de limpeza. Os pictogramas de perigo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os sistemas de autocontrol	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica os sistemas de autocontrol baseados no APPCC e de control da trazabilidade (ascendente e descendente), e xustifica os principios asociados.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identificouse a necesidade e a transcendencia para a seguridade alimentaria do sistema de autocontrol.
CA4.2 Recoñecéronse os conceptos xerais do sistema de análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC).
CA4.3 Definíronse conceptos clave para o control de potenciais perigos sanitarios: punto crítico de control, límite crítico, medidas de control e medidas correctoras.
CA4.4 Definíronse os parámetros asociados ao control dos puntos críticos.
CA4.5 Cubríronse os rexistros asociados ao sistema.
CA4.5.1 Identificáronse os rexistros asociados ao sistema.
CA4.5.2 Cubríronse os rexistros asociados ao sistema.
CA4.6 Relacionouse a trazabilidade coa seguridade alimentaria.

Criterios de avaliación
CA4.7 Documentouse e trazouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.
CA4.7.1 Documentouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.
CA4.7.2 Trazouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.
CA4.8 Recoñecéronse as principais normas implantadas no sector alimentario (BRC, IFS, UNE-EN-ISO 9001:2000, UNE-EN-ISO 22000:2005, etc.).

4.5.e) Contidos

Contidos
Medidas de control relacionadas cos perigos sanitarios na manipulación dos alimentos.
Os plans de hixiene ou prerrequisitos.
Pasos previos aos sete principios do sistema de autocontrol APPCC.
Os sete principios do sistema de autocontrol APPCC.
Rastrexabilidade no almacén: compra-venda e elaboración-fabricación ascendente e descendente.
Os diagramas de fluxo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión mediambiental e dos residuos	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Utiliza os recursos eficientemente, e avalía os beneficios ambientais asociados.	SI
RA6 - Recolle os residuos de xeito selectivo e recoñece as súas implicacións sanitarias e ambientais.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Relacionouse o consumo de cada recurso co impacto ambiental que provoca.
CA5.2 Definíronse as vantaxes que o concepto de redución de consumos lle achega á protección ambiental.
CA5.3 Describíronse as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos.
CA5.4 Recoñecéronse as enerxías e os recursos de utilización menos prexudicial para o medio.
CA5.5 Caracterizáronse os métodos para o aforro de enerxía e o resto de recursos que se utilicen na industria alimentaria e de restauración.
CA5.5.1 Caracterizáronse os métodos para o aforro de enerxía que se utilizan na industria alimentaria e de restauración.
CA5.5.2 Caracterizáronse os recursos que se utilizan na industria alimentaria e de restauración.
CA5.6 Identificáronse as non-conformidades e as accións correctoras relacionadas co consumo dos recursos.
CA6.1 Identificáronse e clasificáronse os tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.
CA6.1.1 Identificáronse os tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.
CA6.1.2 Clasificáronse os tipos de residuos segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.
CA6.2 Recoñecéronse os efectos ambientais dos residuos contaminantes, e outras afeccións orixinadas no proceso produtivo.
CA6.3 Describíronse as técnicas de recollida, selección, clasificación, eliminación e vertido de residuos.
CA6.4 Recoñecéronse os parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións.
CA6.5 Establecéronse por orde de importancia as medidas tomadas para a protección ambiental.
CA6.6 Identificáronse as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos segundo ISO 14000 / EMAS (regulamento comunitario de ecoxestión e ecoauditoría).

4.6.e) Contidos

Contidos
Impacto ambiental provocado pola industria alimentaria.
Concepto dos tres erres: redución, reutilización e reciclaxe.
Metodoloxías para a redución do consumo dos recursos.
Lexislación ambiental.
Descrición dos residuos xerados e os seus efectos ambientais.
Técnicas de recollida, clasificación, eliminación e vertido de residuos.
Parámetros para o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para o módulo son os establecidos no apartada 4.c da programación:

- CA2.1.1 - Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas.
- CA2.2.1 - Identificáronse os perigos sanitarios asociados aos malos hábitos.
- CA2.2.2 - Identificáronse as medidas de prevención fronte aos perigos sanitarios.
- CA2.3 - Identificáronse as medidas de hixiene persoal asociadas á manipulación de alimentos.
- CA2.5 - Enumeráronse as doenzas de obrigada declaración.
- CA2.6.1 - Recoñeceuse a vestimenta de traballo completa.
- CA2.7.1 - Identificáronse os medios de protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora.
- CA2.7.2 - Comprendeuse a importancia da protección de cortes, queimaduras e feridas da persoa manipuladora.
- CA3.2 - Clasificáronse e describíronse os principais riscos e as toxinfeccións de orixe alimentaria en relación cos axentes causantes.
- CA3.6 - Evitouse o contacto de materias primas ou semielaboradas cos produtos procesados.
- CA3.7.1 - Identificáronse alerxias e intolerancias alimentarias.
- CA3.7.2 - Planificáronse alternativas alimentarias para as persoas con alerxias e intolerancias alimentarias.
- CA3.9 - Recoñecéronse os procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias.
- CA2.1.2 - Recoñecéronse as normas sanitarias do manipulador de alimentos.

- CA3.1.1 - Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coa recepción das materias primas.
- CA3.1.2 - Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas co almacenamento dos alimentos.
- CA3.1.3 - Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas boas prácticas noutras operacións culinarias: emplatado e servizo, abatemento da temperatura e rexeneración e envasado, etiquetado e distribución.
- CA3.5.4 - Describíronse os métodos de conservación de alimentos.
- CA1.1 - Identificáronse os requisitos hixiénico-sanitarios dos equipamentos, dos útiles e das instalacións de manipulación de alimentos.
- CA1.2 - Avaliáronse as consecuencias da limpeza e da desinfección inadecuadas para a inocuidade dos produtos e a seguridade das persoas consumidoras.
- CA1.3.1 - Describíronse os precedementos de limpeza e desinfección.
- CA1.3.2 - Estableceuse a diferenza entre limpeza e desinfección.
- CA1.6 - Recoñecéronse os tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD).
- CA1.7 - Describíronse os procedementos para a recollida e a retirada dos residuos dunha unidade de manipulación de alimentos.
- CA1.8.1 - Clasificáronse os produtos de limpeza e de desinfección e as súas condición s de emprego.
- CA1.9.1 - Avaliáronse os perigos asociados á manipulación de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD.
- CA1.9.2 - Identificáronse as fichas técnicas de seguridade e as etiquetas de seguridade dos produtos de limpeza.
- CA4.2 - Recoñecéronse os conceptos xerais do sistema de análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC).
- CA4.3 - Definíronse conceptos clave para o control de potenciais perigos sanitarios: punto crítico de control, límite crítico, medidas de control e medidas correctoras.
- CA4.5.1 - Identificáronse os rexistros asociados ao sistema.
- CA4.5.2 - Cubríronse os rexistros asociados ao sistema.
- CA4.6 - Relacionouse a trazabilidade coa seguridade alimentaria.
- CA4.7.1 - Documentouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.
- CA4.7.2 - Trazouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.
- CA5.2 - Definíronse as vantaxes que o concepto de redución de consumos lle achega á protección ambiental
- CA5.3 - Describíronse as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos.
- CA5.5.1 - Caracterizáronse os métodos para o aforro de enerxía que se utilizan na industria alimentaria e de restauración.
- CA5.5.2 - Caracterizáronse os recursos que se utilizan na industria alimentaria e de restauración.
- CA6.1.1 - Identificáronse os tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.
- CA6.1.2 - Clasificáronse os tipos de residuos segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.
- CA6.2 - Recoñecéronse os efectos ambientais dos residuos contaminantes, e outras afeccións orixinadas no proceso produtivo.
- CA6.3 - Describíronse as técnicas de recollida, selección, clasificación, eliminación e vertido de residuos.
- CA6.6 - Identificáronse as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos segundo ISO 14000 / EMAS (regulamento comunitario de ecoxestión e ecoauditoría).

Para a superación das avaliacións parciais o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos, en cada unha das avaliacións levadas a cabo ao longo do curso.

Ao longo do módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e de traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:
Realizaremos probas de coñecemento que en función dos CAs serán de diverso tipo: test, preguntas curtas de definición, preguntas de relacionar, preguntas de cálculo e casos prácticos, de todos aqueles contidos recollidos no currículo e polo tanto os criterios de avaliación do módulo que o alumnado debe acadar.

As probas escritas de coñecemento serán realizadas por probas combinadas que estarán formadas tendo en conta os mínimos esixibles dos CAs que se combinan. Se a proba combinada resultase non superada pero iso afectase só un CA ou un pequeno número de CA/subCAs que sexan mínimos esixibles, só estes CA/subCAs deberán ser recuperados e a cualificación da avaliación parcial será de 4.
As probas de coñecemento combinadas faranse por UD. Estas probas escritas faranse de xeito presencial en formato papel.

Dado que non pode haber decimais na nota das avaliacións, o redondeo farase da seguinte forma: se o decimal é inferior a 5 desprazarase, e se o decimal é igual ou superior a 5 incrementarase ata o enteiro superior máis próximo agás nos casos que non se chegue a 5.
A nota final será a suma dos pesos de todas as unidades didácticas e deberá ser igual ou superior a 5 puntos para acadar a avaliación positiva e polo tanto superar as ensinanzas do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Está recollido na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
Artigo 34. Avaliacións parciais de módulos.
1. A acta de avaliación parcial de módulos axustarase ao modelo do anexo IX desta orde.
2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.
3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.
Artigo 35. Avaliación final de módulos.
1. A sesión de avaliación final de módulos corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo.
2. Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente proporalle a realización da FCT ao alumnado que superase todos os módulos profesionais de formación no centro educativo do ciclo formativo, agás o

módulo de proxecto no caso de ciclos formativos de grao superior. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.

3. A acta de avaliación final de módulos axustarase ao modelo do anexo IV desta orde.

4. Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente avaliará, para o alumnado que teña módulos suspensos, de ser o caso, as unidades formativas de menor duración nas cales se organizan os módulos segundo se establece no currículo correspondente. Neste caso, a acta de avaliación final de unidades formativas axustarase ao modelo do anexo V desta orde.

Artigo 36. Avaliación final extraordinaria de módulos.

1. O alumnado que, logo da avaliación final de módulos, teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de proxecto poderá realizalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior, e realizarase, de ser o caso, a proposta de título correspondente.

2. A acta de avaliación final extraordinaria de módulos axustarase ao modelo do anexo VI desta orde.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento (AP) ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicarase que terá o PD no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase o PD. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e do PD.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua no módulo de Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos, terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final do mes de Xuño.
No caso do módulo de SEGURIDADE E HIXIENE, o alumnado será apercibido ou perderá o dereito a avaliación continua, cando supere o número de faltas equivalentes a:
- Apercebemento (superado o 6% da duración do módulo): 4 sesións.
- Perda do dereito á avaliación continua (superado o 10% da duración do módulo) : 6 sesións.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistira nunha única proba teórico-práctica que versará sobre a totalidade dos criterios mínimos esixibles e poderá estar conformada por preguntas tipo test, de cálculo y/o desenvolvemento, así como pola resolución de supostos prácticos.

A nota mínima para superar esta proba é de 5 puntos (valorando sobre un total de 10 puntos). En caso de non presentarse a cualificación será de 1.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo recolleranse as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial, así como a valoración e o resultado das actividades realizadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados. A finalidade, é introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente, farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Ó final de curso, pasarase unha enquisa ao alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia ó currículo do módulo, clima de clase,etc. Así mesmo, o alumnado poderá facer suxestións e á vista das súas respostas, reflexionarase sobre o xeito de dar clase e os aspectos a conservar ou mellorar no futuro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado. O fin desta avaliación é detectar a existencia de alumnado orixinario doutros países e con dificultades na fala, e mesmo tamén, o distinto nivel que se pode dar na clase cando hai alumnado procedente da ESO, de Bacharelato ou de estudos universitarios.

Por outra banda, temos o perfil de xente maior que decide volver á formación despois de quedarse no paro e que non saben empregar as novas tecnoloxías. Tamén, é unha maneira de detectar o hábito de traballo que ten cada un, a súa motivación, etc.

A proba de avaliación ten como obxectivo comprobar o nivel de competencias básicas en canto a lectura comprensiva, expresión escrita, razoamento crítico, dominio das TIC e os seus coñecementos previos da materia, así como as súas motivacións e expectativas que teñen con relación a este módulo.

Esta proba desenvólvese nunha sesión lectiva e os resultados da mesma son de uso persoal e profesional, non se lles dará ningún tipo de nota ó alumnado. Aínda que serán comentadas co titor/a do grupo e co resto do equipo docente por se fora preciso adoitar algunha medida especial con relación a algún alumno/a ou a elaboración dun informe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno/a non acade globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e correxir os erros que se detecten.

Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as medidas que consideren nese departamento que se deban adoitar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A necesidade de que o alumnado adquira competencias sociais e persoais esixe que éste amose actitudes e comportamentos respetuosos cos demáis e coas normas e co seu contorno. Polo tanto, o alumnado participará en debates sobre temas relacionados coa actualidade no que se tratan xustamente valores, como a solidariedade, a comprensión, a tolerancia, o respecto,ETC.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades complementarias á formación encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:
- Semanas ou xornadas gastronómicas e turísticas.
- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos
- Outros actos ou xornadas propostas ao longo do curso.

Así como aquelas actividades que se desenvolven fora das instalacións do centro e que teñen relación cos contidos do módulo:
- Visita a restaurantes, hoteis, empresas relacionadas co sector etc.

10.Outros apartados

10.1) Ensinanza on-line

O alumnado recibirá parte dos recursos didácticos a través de medios telemáticos.
Utilizarase preferentemente a aula virtual para envio de recursos, realización de tarefas e seguimento do alumnado.
A aula virtual será un dos medios de comunicación e anuncios e o alumnado terá a obriga de estar pendiente das notificación que se fagan a través deste medio.